
NA ESTRADA

Texto de JACK KEROUAC

Tradución de XESÚS FRAGA

Ilustración de portada de ADRIÀ FRUITÓS

Encadernación rústica. 13,5 x 20,5 cm. 424 páx. 18 €.

[Na estrada](#) (galego)

ISBN 978-84-16721-69-6. Narrativa. Faktoría K.

[A la carretera](#) (català)

ISBN 978-84-16804-81-8. Narrativa. Faktoría K.

Coñecín a Dean pouco despois de separármonos a miña muller e mais eu. Viña de superar unha doenza grave da que agora non me peta falar, agás que estaba relacionada con aquela triste e tan fatigosa separación e a miña impresión de que todo estaba morto. Coa chegada de Dean Moriarty empezou esa xeira da miña vida que poderíamos chamar a vida na estrada...

«Na estrada» foi a biblia da xeración *beat*; unha novela de culto e un clásico da literatura norteamericana do século XX que contribuíu a mitificar a famosa Ruta 66. Traducida por primeira vez ao galego, séguense reeditando milleiros de exemplares do que a revista *Time* considera unha das cen mellores novelas en inglés do último século. A medio camiño entre autobiografía e monólogo interior, cun ritmo espontáneo e improvisado, narra as tolas viaxes de Dean Moriarty -*alter ego* do seu amigo Neal Cassady- a bordo de Cadillacs prestados e Dodges destartalados. Canda el, os outros pasaxeiros son o narrador Sal Paradise, representado polo propio autor, o poeta Allen Ginsberg e o novelista William S. Burroughs.

Sal é un estudante deprimido e con aspiracións literarias que coñece a Dean no inverno de 1947 e axiña queda cativado pola súa actitude salvaxe e temeraria. Nese itinerario frenético percorren Norteamérica, dende Nova York a Nova Orleans, pasando por Cidade de México, San Francisco e Chicago, experimentando todo tipo de aventuras con sexo, drogas, alcohol e jazz. O resultado desa busca hedonista da liberdade, que cambiará para sempre as súas vidas, é un retrato dun estilo de vida bohemio no marco da América profunda, allea ao convencionalismo do *establishment*.

A materia prima do libro, que rompeu co conformismo do *American Way of Life* e convidaba á busca de experiencias auténticas, foron as numerosas anotacións en cadernos e borradores aos que deu forma nuns poucos días. Na primeira edición censuráronse pasaxes do manuscrito orixinal que se consideraron inapropiadas. O ton experimental dos *beatniks* que aspiraban a unha conciencia libre de patróns, e a visión que daba das minorías sociais da posguerra -os desesesperados, os vagabundos- xeraron rexeitamento editorial. Non sería ata cincuenta anos despois cando se publicou integramente e sen os alcumes que Kerouac utilizara en vez dos nomes reais. En 2012 estreouse unha versión cinematográfica dirixida por Walter Salles e producida por Francis Ford Coppola.



- **Temática:** relato das aventuras dunha viaxe por Norteamérica a finais dos anos 40.
- **Destinatarios:** lectores adultos.
- **Aspectos destacables:** obra emblemática da xeración *beat*.
- **Avance do libro:** <https://issuu.com/kalandraka.com/docs/na-estrada-g>

Jack Kerouac

(Massachusetts, 1922 - Florida, 1969)

É un dos autores máis emblemáticos da xeración *beat*, canda Allen Ginsberg e William S. Burroughs. De familia franco-canadense e profundamente católica, o seu nome era Jean-Louis Lebris de Kérouac. Comezou a escribir ficción aos once anos e decidiu ser escritor aos dezasete, influenciado pola obra de William Saroyan e Ernest Hemingway. Pola súa destreza no fútbol americano obtivo unha bolsa para estudar na Universidade de Columbia, mais unha lesión truncoou a súa carreira deportiva e acabou deixando os estudos. Despois descubriu a obra de Thomas Wolfe e comezou a traballar na Mariña Mercante e, posteriormente, na Mariña, de onde foi expulsado. Entre 1947 e 1950 dedicouse a percorrer os Estados Unidos en automóbil con Neal Cassady: das experiencias vividas nun ambiente de música, drogas e sexo foi forxando o material das súas novelas. A primeira publicouna en 1950; ao ano seguinte presentoulle o manuscrito de «Na estrada» ao seu editor nun rolo de papel ininterrompido pero, logo dunha negativa inicial, a obra publicaríase en 1957. O éxito foi parello ás críticas por parte de quen o considerou unha moda pasaxeira. En anos sucesivos seguiu publicando obra narrativa e poemarios. Casado en tres ocasións, pasou os seus últimos anos en Florida, afastado dos seus compañeiros de fatigas. Morreu polas complicacións de saúde provocadas polo seu alcoholismo. O seu prestixio literario medrou tralo seu pasamento, dando lugar á publicación das súas obras inéditas.

<http://www.jackkerouac.com>

www.kalandraka.com

comunicacion@kalandraka.com
